


Documento distribuído por
 culturagalega.org

NÉVEDA

por Francisca Herrera Garrido

Fonte: *Nós. Boletín Mensual da Cultura Galega, Órgao da Sociedade “Nos”,*
nº 1 (30 de outono de 1920), p 19.



CONSELLO DA CULTURA GALEGA
Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704 Santiago de Compostela (Galicia)
Tel: +34 981 957 202/ Fax: +34 981 957 205 / xenero@consellodacultura.org

NÉVEDA

por FRANCISCA HERRERA GARRIDO

Tén chamado moito a atención esta novela, e hase manter n-a autualidade aínda moito tempo. Pol-o seu volume, pol-o estilo, pol-o len-goaxe, pol-a calma conque está feita, é d'unha outa eixempraridade de traballo literario. E a novela máis moderna—non somentes por sel-a derradeira—que se tén escrito en galego, e está feita c'un fondo sentido do que a novela tén que ser. Non é unha novela d'hoxe, mais ben d'onte ou d'antronte, da idade clásica da novela francesa (a novela hespañola non existe). Lembra as cousas de Francis Jammes pol-a tenrura, pol-a sensibilidade exquisita con que recolle o cheiro da campía, e máis pol-a fegura de Néveda, irmá das adorables Clara d'Ellebeuse e Mazá d'Anís. Novela sen tése de ningunha clás, tén un argumento d'unha sinxeleza encantadora, sen ideoloxías, nin frolaciós de decadencia. É unha leutura sana, descansada, n-a que ademais sín-tese n-os autos, n-as verbas, n-as cerebraciós dos persoaxes, o imperio do nóso chao, a y-alma da Terra galega que se mete n-eles e os fai ser coma son: sinxelos, un pouco caviladores en forza de seren sentimentás. A leutura de *Néveda* resulta ás veces difícil, precisamentes pol-a ricura matizada d'espresión e de sonoridade qu'o galego tén elí e que é un dos méretos máis notables da novela.